

CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

27 e 28 de xaneiro do 2018

IV TEMPO ORDINARIO



OS COTOS CO POBO DE SIRIA
E CON TODOS OS REFUXIADOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 3 *Unha xuntanza de amor*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A vida de Cristo non pasa desapercibida. Un dos aspectos da súa personalidade que máis chamaba a atención na xente que o oía e o vía actuar era o peso de autoridade coa que falaba, ensinaba e daba unha man.

Esta autoridade de Xesús nace de estar á beira das loitas e dos sufrimentos dos demais.

Cómo non vai ter autoridade alguén que vive achegándose aos enfermos, coidándoos e dándolle o mellor de si mesmo?. Ese é o Xesús que comparte con nós nesta xornada.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante A vida de Xesús demóstranos que vale a pena compartir con todas as persoas, sen facer diferenzas, preferindo aquelas que non teñen a ninguén, aquelas que non contan. Así queremos renovar diante Deus os nosos compromisos ao tempo que pedimos perdón:

Monitor/a

- Comprometémonos a vivir ofrecendo aos demais o mellor de nós mesmos?

SI COMPROMETÉMONOS

- Comprometémonos a demostrar con palabras e feitos que vale a pena construír unha sociedade que non deixe de lado a enfermos mentais ou persoas con discapacidade?

SI COMPROMETÉMONOS

- Comprometémonos a facer o posible por non marxinar a ninguén?

SI COMPROMETÉMONOS

Celebrante Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se senten marxidados, nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, e dun xeito especial queremos ser hoxe a voz dos necesitados, dos enfermos, dos marxidados, dos que non contan para ninguén.

(silenzo)

Celebrante

Deus, Noso Pai, concédenos adorarte con todo o corazón e amar a todas as persoas co mesmo amor que levou a Xesús a achegarse aos enfermos, aos necesitados e esquecidos, aos que o máis fácil é virarlle as costas. Pedímoscho por El, noso Señor e irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

No Leccionario II – B páxina 178

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO DEUTERONOMIO

CANTO Nº 50 🎵 *Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

(en pé) *No Leccionario II – B páxina 180* **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO MARCOS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**

Celebrante Neste encontro parroquial, da man de Xesús, queremos ser coherentes na fe, queremos dar resposta ao Deus que nos fala no pobre, no necesitado e no pequeno. Xuntos proclamamos a fe que compartimos:

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
creador do ceo e máis da terra,
que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común,
e fogar acolledor para todas as xentes?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o noso irmán benquerido,
que viviu demostrando unha autoridade nacida no amar
e que o comprometía na loita e na entrega aos demais?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para dar resposta a o Señor
co noso bo facer de cada día?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,
comunidade na que todos compartimos
e que só será crible na coherencia
entre o que se di e o que se fai?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

Celebrante *Oremos a Deus Pai, que se achega a nós en Xesús convidándonos a que non lle viremos as costas ás persoas que hoxe malviven sen dignidade.*

Oremos dicindo **Señor, mira polo teu pobo**

Monitor/a

1. Ti chámarnos a poñer alegría na vida, queremos que as nosas palabras e os nosos feitos mostren ilusión.
Oremos

2. Ti chamas á responsabilidade e á coherencia, queremos que os nosos pasos sexan de proveito para os demais. Oremos

3. Ti chamas a vivir os valores e as actitudes de Xesús, queremos ser semellantes a el acollendo e compartindo. Oremos

4. Ti chamas a poñer as mans, o corazón e o tempo ao servizo dos máis esquecidos, queremos vivir sen deixar de lado a inmigrantes, a enfermos, a refuxiados. Oremos

5. Ti, en Xesús, achégaste aos enfermos mentais, por iso hoxe pedimos polas persoas que padecen así, e polas que se adican ao seu coidado. Oremos

Celebrante *Escoitamos Pai as túas chamadas, escoita ti as oracións dos que en Ti confiamos. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Entremos no corazón do Deus que é Pai,
deixémonos encher do seu amar e con Xesús e os
seus feitos recemos como nos ensinou
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans tendidas uns para os outros
expresan a nosa vontade de ser coherentes nos
feitos; se o noso corazón vai cheo de fraternidade
as nosas palabras valerán a pena e as nosas mans
poderán compartir na paz. Fagámolo.

CANTO ♪ *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante A mesa da Eucaristía é anticipo da mesa
do Reino; participar nela é comprometer a
vida en construír un mundo que sexa todo el
mesa compartida e casa común.

Ditosos nós, chamados e convidados a
compartir este pan do Señor.

CANTO ♪ *nº 50 Na tardiña baixa da vida*
ou nº 43 Non vou so

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, seguros da túa bondade
pedímosche que acollendo con ilusión
as túas palabras,
sexamos capaces de dar froitos de paz e xustiza,
de xeito que medremos na fe
facendo realidade o evanxeo.
Pedímoscho por Cristo noso irmán,
a Ti que vives e reinas con nós
por sempre eternamente. Amén.

*Xesús convídanos a que nos fíemos de Deus, porque El
é o Deus da VIDA que confía en nós, nas nosas palabras
e nos nosos feitos.*

*A comunidade na que hoxe compartimos faise viva e
crible, non nas palabras senón nos feitos de cada día.*

*Non quedemos coas mans nos bolsillos mirando para
outro lado, é hora de falar menos e facer máis. Que esta
sexa unha semana de proveito na nosa parroquia de*

Que o Señor nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)